



CONCURSO DE FOTOGRAFÍA									
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN									
DATOS DO PARTICIPANTE									
NOME E APELIDOS									
NIF				ENDEREZO					
				Nº			PISO		
					LETRA			C.P.	
LOCALIDADE							PROVINCIA		
TFNO.				E-MAIL					
DATOS FOTOGRÁFICOS									
Nº DE FOTOGRAFÍAS A CONCURSO: <input type="checkbox"/> 1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3									
TÍTULO FOTOGRAFÍA 1:									
TÍTULO FOTOGRAFÍA 2:									
TÍTULO FOTOGRAFÍA 3:									
O prazo de presentación de solicitudes e envío de fotografías está aberto do 5 ao 25 de febreiro de 2018 e deberá facerse efectivo por correo electrónico á dirección camelia@vilagarcia.gal .									
SOLICITA									
A súa inscrición no Concurso de Fotografía, enmarcado dentro do LIV Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que terá lugar os días 10 e 11 de marzo de 2018, en Vilagarcía de Arousa.									

O abaixo asinante declara coñecer e aceptar integramente as bases do presente concurso.

Asdo. solicitante



CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA CAMELIA 2018

BASES

- 1.- O Concello de Vilagarcía de Arousa organiza o Concurso de Fotografía da Camelia 2018, con motivo da celebración da LIV Exposición Internacional da Camelia.
2. Poderán concorrer as persoas maiores de idade afeccionadas á fotografía, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nestas bases.
- 3.- O Concurso ten por obxecto a **exaltación da beleza da flor da camelia** en xeral.
- 4.- Poderán presentarse ata 3 fotografías por concursante, que serán tomadas en datas anteriores á convocatoria do certame. As instantáneas presentadas non poderán ter participado noutro concurso de fotografía sobre a camelia.
- 5.- As fotografías serán enviadas por correo electrónico como arquivo anexo á dirección camelia@vilagarcia.gal, en formato JPG, JPEG, e cun tamaño aproximado de 20x30cm e 300ppp. Cada fotografía irá identificada cun título.
- 6.- Unicamente se aceptarán a concurso aqueles e-mails nos que a fotografía chegue anexa. A recepción de fotografías incrustadas ou inseridas no corpo do correo suporá a destrución do e-mail que as conteña e a súa correspondente exclusión do concurso en calquera caso.
- 7.- No e-mail deberá indicarse o nome, domicilio e teléfono do autor, así como a relación de títulos das obras. Non se admitirán e-mails nos que non figuren tódolos datos sinalados.



8.- As fotos recibidas serán seleccionadas por un xurado composto por profesionais da fotografía e as 20 que acaden maior puntuación serán expostas no transcurso da celebración do LIV Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que terá lugar os días 10 e 11 de marzo de 2018, na Praza da Peixería. As fotografías serán impresas en gran formato e expostas en mupis de 200x100cm no exterior do recinto do 7 ao 11 de marzo.

9.- O prazo para o envío das fotografías será do 5 ao 25 de febreiro de 2018.

10.- A inscrición farase mediante o envío dun correo electrónico a camelia@vilagarcia.gal indicando o nome e apelidos, enderezo, teléfono e correo electrónico de contacto.

11.- Concederáse un PRIMEIRO PREMIO de 300€ e DOUS ACCÉSITS de 100€ cada un. Os premios irán acompañados dunha invitación para dúas persoas para visitar o Pazo de Rubiáns.

12.- Polo simple feito de solicitar a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.

13.- O xurado do concurso queda facultado para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ao longo do proceso de convocatoria e selección se puidese producir.

Máis información:

Concello de Vilagarcía de Arousa

Praza de Ravella, 1

36600 Vilagarcía de Arousa

Persoa de contacto: Mon Reiris – Departamento de Protocolo.

Teléfono: 986 099 200 ext. 305

Email: camelia@vilagarcia.gal